

NORMAS DA AULA ABALAR

Estas normas van dirixidas aos usuarios do proxecto ABALAR, que no presente ano académico son os **profesores e alumnos de 1º e 2º de ESO**. O seu obxectivo é garantir o bo funcionamento e a duración dos materiais que integran as aulas ABALAR.

NORMAS XERAIS

- A Aula Abalar ten que estar pechada sempre que non haxa clase nela (nos recreos, cando se vai a Educación Física, Plástica ou a Audiovisuais, etc)
- Nos cambios de clase e no recreo o material ten que estar recollido no armario.
- Durante as gardas non se pode empregar o material informático Abalar, agás que o profesorado de garda sexa profesorado Abalar e teña traballo para realizar.
- Cada alumno/a terá o seu propio ordenador e será responsable del durante todo o curso.
- Non se poderá empregar o ordenador de outro alumno ou alumna.
- O alumnado non accederá ós ordenadores sen permiso do profesorado.

NORMAS DE USO DO ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO (EDI)

- Só se empregará o EDI cando o profesor ou profesora o indique.
- Non se poden empregar elementos punzantes para interactuar na pantalla.
- As mans deberán estar limpas para evitar deixar pegadas na superficie da pantalla.
- O alumnado ten que respectar as indicacións do profesorado.
- Terase especial coidado co xiz para que non chegue po ó EDI.
- Non se pode escribir con ningún tipo de rotulador sobre o EDI (quedaría danado).
- Calquera dano que sufra a pantalla por mal uso manifesto, deberá ser costeado polo responsable do mesmo. No caso de non identificar ao culpable, será o grupo de alumnos os que aboarán o custo do amaño ou reposición do material danado.
- Todo o alumnado é responsable do coidado do EDI, sobre todo no cambio de clase.
- Só o profesorado pode activar e desactivar o EDI e o canón.



NORMAS DE USO DOS PORTÁTILES ABALAR

1. O portátil do profesor e os ultraportátiles dos alumnos son para o **uso do profesorado e alumnado integrado no proxecto ABALAR**. Poderán utilizarse tanto nas aulas de referencia como nos desdobres, reforzos e agrupamentos que se impartan en espazos donde se reciba a rede inalámbrica ABALAR.
2. **Os alumnos non poden utilizar o portátil do profesor.**
3. Os ultraportátiles dos alumnos usaranse sempre baixo a **supervisión dun profesor**. Estes ordenadores estarán identificados coa fotografía do alumno que os use e numerados según o conector que teñan asignado no carro de carga.
4. Para acceder ao carro e recoller o ultraportátil (UP) o alumnado deberá esperar á orde do profesorado e, antes de coller o UP, deberán ter deixado as súa **mesa libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario**.
5. Os alumnos **recollerán os seu ultraportátil de forma ordenada**, dirixíndose ao carro cargador por orden de lista, e sin apelotonarse en torno a él. En ningún caso se acudirá ao carro de carga en grupos. O profesor poderá designar un alumno axudante ou indicar ao delegado/a de curso que se encargue de coordinar este reparto entre os alumnos da clase.
6. Independentemente da aula na que se atope o alumno **sempre collerá o ultraportátil que ten asignado por orde de lista**.
7. Sempre se **collerá o UP pola asa**, de xeito que ao levalo se eviten situacións que orixinen caídas e o conseqüente deterioro do equipo. Terase especial coidado co enganche de conexión á corrente, coa cámara e o lazo do lapis. Deberá **abrilo por unha esquina** e non polo centro para evitar dañar a lente da cámara incorporada.
8. O ordenador colocarse no centro da mesa, e non nos laterais, tendo coidado para que non caia.
9. Non se colocarán obxectos sobre o ultraportátil nin sobre o seu teclado, e procurarase ter a mesa o máis baleira posible para que teña suficiente espazo.
10. O alumno non acenderá o ultraportátil ata que reciba a orde expresa do profesor, apagarao cando este llo indique, e sempre permanecerá enriba da mesa.
11. Evitarase tocar a **pantalla do ultraportátil** con calquera obxecto que non sexa o seu punteiro, e para o uso do teclado teranse as mans limpas. O uso do punteiro farase co tacto que tal ferramenta precisa.
12. Cando o profesorado teña que dar unha explicación, baixaranse as tapas dos UP sen chegar a pechalos, de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
13. Nos casos excepcionais nos que un alumno ou alumna teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posibles golpes e aforrar batería.
14. Se un alumno ou alumna precisa da axuda do profesorado para solventar algún problema ou **incidencia co manexo do portátil**, agardará a que o profesorado remate as explicacións e procurará non interromper o traballo que nese momento se estea a desenvolver na aula.
15. O acceso a páxinas non autorizadas por parte do alumnado será sancionado coa retirada do ultraportátil durante a sesión de clase e, si se considera oportuno, coa retirada durante varias sesións. Esta incidencia recollerase por escrito cun parte de amoestación ao alumno implicado.



16. Os alumnos gardarán tódalas **tarefas realizadas na clase** según indique o profesor:
 - a) Nunha **memoria USB**.
 - b) No **cartafol ALUMNOS** do seu miniportátil.
 - c) Serán enviadas por **correo electrónico**.
17. O alumnado será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta e de apagar correctamente o UP ao finalizar a clase
18. A **devolución do ultraportátil** ao carro de carga fázase na mesma orde e do mesmo xeito que á entrega evitando aglomeracións. O alumnado devolverá o UP ao seu lugar correspondente no carro, asegurándose de que queda conectado ao cargador. Os ultraportátiles deixaránse no oco correspondente ao seu número.
19. No caso de que os portátiles se utilicen en clases sucesivas, o profesor/a deberá esperar na aula á chegada do seguinte profesor e supervisará que estos permanezan correctamente sobre as mesas no tempo entre clase e clase.
20. Os UP son propiedade da Consellería de Educación. O feito de non aceptar estas normas ou de non respectalas trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.

AVARÍAS DO ULTRAPORTÁTIL

- Cando o UP estea avariado, deberá de seguirse a clase con outro compañeiro/a.
- Se a avaría fose de índole menor, o alumno/a esperará a que o profesorado poida atender a súa incidencia e estará presente mentres se solucione o problema para poder aprender a arranxar de xeito autónomo as avarías máis sinxelas.
- Se a avaría é máis grave, deixará o equipo en depósito ata ser avisado de que o problema está resolto. O profesor cubrirá a ficha de incidencias e deberá entregarlala ao coordinador Abalar do centro (directamente ou no seu casilleiro) ou ben deixar encargado ao delegado/a de clase que entreguen o impreso en conserxería.
- O alumnado non pode sacar o portátil da aula sin a autorización e o control do profesor responsable.
- Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o UP non se lle devolverá ao alumno/a. Neste caso arbitraránse as medidas correctoras ás que houberse lugar recollidas nesta normativa e no R.R.I do Centro
- Cando se detecte que un alumno ou alumna está a ter avarías graves debidas ao uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederáse a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación na aula Abalar.
- As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumnado o que terá que pagar o custe da mesma.
- O uso dos UP e da rede do centro realizarase baixo o principio das boas prácticas que se establezan no seu momento e as reguladas pola lexislación vixente.



RESPONSABILIDADES E INCIDENCIAS

As persoas que utilizan os portátiles das aulas ABALAR son responsables de que estean sempre en bo estado e funcionamento, polo que deben comunicar ao coordinador ABALAR calquera incidencia que ocorra para que se proceda coa maior brevidade á súa reparación ou substitución, (para tales efectos atópase unha folla de incidencias no carro cargador no caixón do portátil do profesor).

Calquera desobediencia por parte do alumno dos protocolos de uso do ultraportátil ou desatención, perturbación, e manexo indebido, poderá levar ao profesor á retirada deste durante a sesión de clase. Asimesmo, as incidencias poderán ser sancionadas como faltas leves ou graves segundo as Normas de Organización e Funcionamento do noso centro.

Responsabilidades do alumno/a

1. O alumnado é totalmente responsable do que faga co seu UP.
2. Os alumnos están obrigados a reparar os danos que causen, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, aos materiais da aula, incluídos os equipos informáticos e o software, e a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Asimesmo, están obrigados a restituír o substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. Os pais e nais ou tutores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan e que figuren nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.
4. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, e serán sancionables según as normas anteriormente citadas, as seguintes actuacións:
 - a. O uso incorrecto do material Abalar, non respectando as normas establecidas.
 - b. Intentar desconfigurar os UP, instalar ou desinstalar programas, danar os equipos ou datos, danar os demais materiais da aula (EDI, carro, canón, WIFI). O vandalismo implicará á cancelación dos privilexios de uso do UP e a obriga de reposición dos custes orixinados pola reparación do material danado.



- c. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais da aula, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros.
- d. Ver, copiar, modificar ou interferir no correo electrónico ou nos ficheiros doutros usuarios e usuarias.
- e. Empregar unha linguaxe pouco apropiada: as palabras malsoantes, os insultos xenófobos ou degradantes atendendo á raza, sexo, relixión ou calquera outra condición están prohibidos e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto.
- f. A difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- g. Transmitir ou ver imaxes obscenas, degradantes ou discriminatorias atentando a calquera condición, ou difundir ou empregar material ilegal. Baixo ningún concepto, o sistema/rede poderá ser empregado con propósitos ilegais.